



CONCELLO DE  
MONFORTE  
DE LEMOS

Secretaría

ACTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR PARA A SELECCIÓN DE DOUS AUXILIARES ADMINISTRATIVOS PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO DA EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN DE LUGO.

O 16 de setembro de 2019 ás 10:45 horas reúne na casa consistorial o tribunal cualificador.

Asisten, como Presidente, Don Jose Antonio Mourelle Cillero, Vogais: Dona Inmaculada Buján Arias, Dona Elisa Rodríguez Fernández e Don Carlos Rodríguez Fernández e como Secretaría Dona Sonia Rois Fernández.

Primeiro.- Vista a reclamación presentada por Vanesa Martínez Amoedo en canto a valoración de formación profesional e coñecementos de informática na que "considero que a documentación aportada teño máis puntuación".

Visto o que dispoñen as Bases :

"ARTIGO 4. - PROCESO DE SELECCIÓN

4.1. - FASE DE CONCURSO. Baremo de méritos alegados: os aspirantes deberán presentar ben orixinais ou copias compulsadas da documentación acreditativa dos méritos alegados, valorándose: a formación académica, a formación profesional, os coñecementos en informática e a experiencia profesional, segundo se establece no seguinte baremo:

- A) Formación académica. - Valoráranse outras titulacións académicas distintas da esixida como requisito para ser incluído na lista de reserva, segundo o seguinte baremo:
- a) Titulación de doutor: 0,5 puntos.
  - b) Titulación universitaria superior: 0,3 puntos.
  - c) Diplomatura universitaria ou equivalente: 0,20 puntos.
  - d) Bacharelato superior, FP2 ou equivalente: 0,10 puntos.

A cualificación máxima por este apartado non poderá ser superior a 0,5 puntos, e non se terán en conta aquelas titulacións que foran requisito para acceder a titulación superior de modo que so se valorará titulación superior das que se acrediten polo aspirante.

B) Formación profesional. - Só se valorarán os cursos de formación que versen sobre materias directamente relacionadas coas funcións propias do posto de traballo ao que se aspira, que non teñan que ver con informática e sempre que os cursos foran impartidos por unha Administración Pública, un Centro Oficial de Formación ou unha institución homologada para impartir formación profesional continua, e segundo o establecido no seguinte baremo:

- a) Por cada curso con duración igual ou superior a 300 horas lectivas: 0,5 puntos.
- b) Por cada curso con duración igual ou superior a 150 horas lectivas: 0,3 puntos.
- c) Por cada curso con duración igual ou superior a 50 horas lectivas: 0,2 puntos.
- d) Por cada curso con duración igual ou superior a 20 horas lectivas: 0,1 puntos.

A puntuación máxima por este apartado non poderá superar un 0,5 puntos.

Os cursos que veñan cuantificados por créditos deberán especificar as horas que correspondan a cada crédito. No seu defecto, o Tribunal cuantificará en 10 horas cada crédito. Non se valorarán neste apartado os cursos sobre coñecemento de idioma galego.

C) Coñecementos de informática.

Valorase a formación en manexo do paquete office.

- a) Por cada curso con duración igual ou superior a 100 horas lectivas: 0,50 puntos.
- b) Por cada curso con duración de 51 a 100 horas lectivas: 0,30 puntos.
- c) Por cada curso con duración de 21 a 50 horas lectivas: 0,20 puntos.
- d) Por cada curso con duración de 1 a 20 horas lectivas: 0,10 puntos.

A puntuación máxima por este apartado non poderá superar os 0,50 puntos.

Este mérito deberá acreditarse aportando certificación académica emitida ben por unha Administración Pública un Centro Oficial de Formación ou unha institución homologada para impartir formación profesional continua"

Unha vez revisada a documentación O Tribunal acuerda:

ASPIRANTE	FORMACION ACADEMICA	FORMACION	INFORMATICA	EXPERIENCIA	TOTAL CONCURSO
-----------	---------------------	-----------	-------------	-------------	----------------

Campo de San Antonio, s/n - 27400 Monforte de Lemos (Lugo)   
 982 402 501   
 982 404 832   
 www.monfortedelemos.es   
 https://sede.monfortedelemos.es   
 secretaria@concellode-monforte.com

6	MARTINEZ AMOEDO VANESA	0,10	0,5	PROFESIONAL	1,50	2,10
---	------------------------	------	-----	-------------	------	------

Dar 0,5 na parte de formación profesional e 0 na parte de coñecementos de informática ó non presentar ningún curso do Paquete Office ó abeiro das Bases do proceso selectivo.

Pero a dita reclamación non altera o resultado do proceso ó non superara a reclamante a parte práctica do primeiro exercicio.

Segundo.- As 11:20 procedese a chamar por orde alfabética ás persoas aspirantes que superaron o primeiro exercicio para a realización da entrevista, acórdase preguntar: experiencia laboral na empresa pública e privada, funcións que se realizaron neses traballos e dispoñibilidade para traballar.

Tendo en conta a experiencia na empresa pública e na privada en postos relacionados coa praza e a disposición das persoas aspirantes a puntuación obtida é a seguinte:

5	VILA POL LORENA	1,00
4	VAZQUEZ MONTES TAMARA	0,80
3	PALLIN LOPEZ CRISTINA	1,00
2	GONZALEZ GONZALEZ VERONICA	1,00
1	ARMESTO LOPEZ NURIA	0,50
	<b>ASPIRANTE</b>	<b>ENTREVISTA</b>

Tercero.- Vista a puntuación nas anteriores fases do concurso- oposición a puntuación final obtida é a detallada a continuación:

	ASPIRANTE	CONCURSO	TEST	PRACTICO	TOTAL OPOSICIÓN PARCIAL	ENTREVISTA	TOTAL OPOSICIÓN
1	ARMESTO LOPEZ NURIA	0,1	2,35	2,10	5,05	0,50	5,55
2	GONZALEZ GONZALEZ VERONICA	2,1	2,20	2,40	7,70	1,00	8,70
3	PALLIN LOPEZ CRISTINA	2,2	2,35	2,55	8,10	1,00	9,10
4	VAZQUEZ MONTES TAMARA	2,3	2,45	2,17	7,72	0,80	8,52
5	VILA POL LORENA	2,4	2,55	2,25	8,20	1,00	9,20

Cuarto.- Por todo o anterior o Tribunal acorda:

a) A proposta de contratación de :

1	VILA POL LORENA
2	PALLIN LOPEZ CRISTINA

b) A proposta aprobación lista de reserva co seguinte detalle:

	<b>ASPIRANTE</b>
1	GONZALEZ GONZALEZ VERONICA
2	VAZQUEZ MONTES TAMARA
3	ARMESTO LOPEZ NURIA